FENE
CONCELLO
www.fenecidadan.gal

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Asunto: LISTA DEFINITIVA ADMITIDOS/AS EXCLUIDOS/AS APROL RURAL 2024
Exptes: 2024/E001/000015, 2024/A008/000004

Con data 19 de abril de 2024 mediante Resolución da Xefatura territorial da Coruña da Consellería de Promoción de Emprego, Comercio e Emigración, concédelle ao Concello de Fene unha subvención, co núm de Expte **TR351G 2024/000066-1,** por importe de **32.215,58** euros, equivalente aos custos salariais totais das contratacións de persoal temporal para a obra/servizo obxecto da solicitude nos termos expresados na consideración segunda da resolución: 2 peóns/peoas forestais a xornada completa e cunha duración de 9 meses, baixo a modalidade de contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral (código de contrato 405).

Con data 7 de maio de 2024 a Xefatura territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración acorda ampliar o prazo para o inicio do período de contratación ata o día 03/06/2024.

Mediante a Resolución da alcaldía núm. 574/2024, do 06.05.2024, aprobáronse as bases da convocatoria para a contratación laboral temporal de 2 traballadores/as (peóns/as ferestais), mediante oposición, ao abeiro do programa Aprol Rural, financiado pola Consellería de Promoción de Emprego, Comercio e Emigración, as cales foron publicadas no taboleiro de edictos e na páxina web municipal.

Con data 7 de maio de 2024 o Concello de Fene presenta oferta xenérica ante o Servicio Público de Emprego de Galicia na oficina de emprego de Ferrol-Esteiro (12-2024-4472), de acordo co Art. 14.3 da Orde do 26 de decembro de 2023.

Con data 13 de maio de 2024 o Servicio Público de Emprego de Galicia (SPEG) remite unha relación das persoas candidatas, para a selección definitiva, segundo o art. 14.7 da Orde do 26 de decembro de 2023.

Con data 13 de maio de 2024 publicase a resolución da alcaldía núm 613/2024 no taboleiro de edictos e na páxina web municipal pola que se aproba o listado de candidatos/as preseleccionados/as polo Servizo Público de Emprego para o APROL RURAL 2024.

De acordo coas bases, os/as candidatos/as seleccionados/as polo Servicio Público de Emprego de Galicia presentaron as solicitudes para tomar parte nas probas selectivas ata o día 16.05.2024.

Con data 21.05.2024 mediante resolución da alcaldía núm 647/2024, conforme ó disposto na base terceira, aprobáronse as listas provisionais de admitidos/as e excluidos/as e outorgouse un prazo de dous días hábiles para que os/as aspirantes puideran enmendar a documentación presentada.

Dentro do prazo concedido non se presenta por parte dos/as aspirantes subsanación da documentación.

De conformidade co anterior e, en uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1.h) da Lei 7/1985,do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as que se relaciona a continuación:

**Peóns/as forestais**

| Nº | APELIDOS E NOME | ACHEGA CELGA |
|---|---|---|
| 1 | BOUZA BARREIRO JUAN CARLOS | SI |
| 2 | CALVO MEIZOSO JOSE ANTONIO | SI |
| 3 | CREGO CARNOTA MANUEL | NON |

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na* https://sede.fene.es. *(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: NaTlKYRisMF9fT4nS2Po
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| 4 | DÍAZ BARRO ANTONIO | SI |
| 5 | FERNÁNDEZ GARCÍA MANUEL | SI |
| 6 | FERREIRO GONZÁLEZ FRANCISCO MANUEL | NON |
| 7 | GALÁN RAMIL FERNANDO | SI |
| 8 | MARTÍNEZ MONTERO FRANCISCO | NON |
| 9 | PENA SEIJAS JOSÉ JUAN | NON |
| 10 | PIERONE STESSANO JUAN ÁNGEL | NON |
| 11 | QUINTÍA CASTRO JORGE | SI |
| 12 | RIVERA RUBAL JOSÉ LUIS | NON |
| 13 | ROMERO FERNÁNDEZ M ISABEL | SI |

SEGUNDO.- Aprobar a lista definitiva de excluídos/as que se relaciona a continuación:

**Peóns/as forestais**

| **Nº** | **APELIDOS E NOME** | **MOTIVO EXCLUSIÓN** |
|---|---|---|
| 1 | CHAO LÓPEZ ANTONIO | 1 |

(*) 1.- Non presenta solicitude

TERCEIRO.- Designar como membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo para a selección de persoal de Aprol rural 2024, ós/ás seguintes:

| | | |
|---|---|---|
| PRESIDENTE/A | Titular: | Juan Miguel Martín Pérez, funcionario do Concello de Fene |
| | Suplente: | Antón Muñíz Tenreiro, funcionario do Concello de Fene |
| VOGAIS | Titular: | Victor Manuel Montes Pena, funcionario do Concello de Fene |
| | Suplente: | Roberto Sanjurjo Muiño, funcionario do Concello de Fene |
| | Titular: | Mercedes Casdelo Caamaño, empregada pública do Concello de Fene |
| | Suplente: | Begoña Paz Paz, empregada pública do Concello de Fene |
| | Titular: | Miguel Romero Neira, funcionario do Concello de Fene |
| | Suplente: | Mª Luisa López Bouza, funcionaria do Concello de Fene |
| SECRETARIO/A | Titular: | Ana M. Santano Rodríguez, funcionaria do Concello de Fene |
| | Suplente: | Laura Couto Vilches, funcionaria do Concello de Fene |

CUARTO.- Convocar **ao tribunal** para que se reúna na Nave de obras e servizos do Concello sita no **lugar de Sampaio s/n** e **ás persoas aspirantes** para a realización da proba práctica e a proba de galego os/as aspirantes, o **día 28 de maio de 2024 as 11,00h,** advertindo que de conformidade coa claúsula 4ª das bases, se o tribunal o considera conveniente, poderá acordar a celebracion dos dous exercicios da fase de oposición na mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos, agás renuncia expresa, entre a celebración deles, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

QUINTO.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na* https://sede.fene.es. *(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



CVD: NaTlKYRisMF9fT4nS2Po
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
C.I. F.: P-150 360 0-G

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte á publicación desta resolución no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello

SEXTO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: NaTlKYRisMF9fT4nS2Po
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na* https://sede.fene.es. *(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*